

Alberto Lema

Concelleiro de Emprego e Economía Social

Nacín en Vimianzo no ano 1975. Son licenciado en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Santiago de Compostela, levo publicadas as novelas *Unha puta percorre Europa*, *Sidecar* e *Da Máquina*, todas elas traducidas ao español, así como os poemarios *Plan de fuga* e *Crónica do chan*. Tamén colaborei en medios como *El País*, *Praza*, *Tempos Novos* e *Vieiros* entre outros, e formei parte do consello de redacción da revista *O Xornal*, da Central Unitaria de Traballadores/as. Militante no nacionalismo organizado desde a miña etapa universitaria, no ámbito profesional desempeñei labores como comercial nos sectores da alimentación, a construción e as novas tecnoloxías e fun tamén responsable de contidos da páxina web da Real Academia Galega.